

O Mundo Gominola

Matías Orosa Maroño | Sara Vázquez Barbeito
Daniela Louzao Pallas | Xabier González Varela
(2015)



Certo día, na aula de 6º B do CEIP Isaac Díaz Pardo, había un anano chamado Ismaíl. Encantábanlle as gominolas, e por iso tiña un tesouro cheo de moedas de ouro e de chocolate.

Unha vez andaba pola clase cando tropezou coa pel dun plátano e desmaiouse. De súpeto, despertou. Diante da súa cara estaba un osiño de gominola observándoo. E Ismaí preguntoulle:

-Onde estou?

-No Mundo Gominola!

-No Mundo Gominola? Que chachi!

-Por certo, chámome Yellow, e é un pracer coñecerte.

-Eu chámome Ismaíl...

Yellow ensinoulle a Ismaíl o Mundo Gominola enteiro. Ismaíl quedou sorprendido porque había montóns de chocolate, casiñas de nubes de azucre e árbores de regaliz. Yellow contoulle, ademais, que sabía dun neno que quería... comer todo o Mundo Gominola!

Ismaíl prometeulle que o axudaría, pero que antes habería que facer un plan... E tivo unha idea!

Ismaíl preparou un feitizo que consistía en que cada vez que aquel neno mordese algo, volvería a aparecer outra vez o que mordera. Así o mundo non desaparecería.

Levaron a cabo o plan trazado e conseguiron que o Mundo Gominola non desaparecese.

Dende ese momento, Ismaíl foi un heroe para os habitantes do Mundo Gominola. E cando tiña algunha oportunidade, ía visitalos moitas veces.

Pero o mellor lugar de Ismaíl estivo sempre na aula de 6º B...

FIN